

ENSAIO DO ALÉN

Miguel Anxo Murado, recoñecido narrador e xornalista, comeza en 1986 a escribir os textos que compoñen *Lapidario* -de feito xa publicara *Lapidario dos heterodoxos*-, unha sorte de epitafios de personaxes “que querían dar un paso adiante e dicir algo”, segundo afirma o propio autor. Deste xeito, Tu Fu, Paio Gomes Charinho, Baruch Spinoza, Raimon Llull, Leiras Pulpeiro, Charles Perrault ou Emilio Salgari vén como as súas circunstancias mortuorias son analizadas polo poeta que entende que “para avistar unha ribeira/ hai que perder primeiro de vista a outra”.

Tempos Novos, 93, febreiro 2005, p. 70